



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Veterinaria**

**Curso Académico: 2018/19**

## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	2
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados</b> .....	4
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	4
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	6
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	7
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	8
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	9
Directriz 6. Información pública .....	10
<b>3. Plan de Melloras do centro</b> .....	11
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos</b> .....	18
<b>5. Listaxe de evidencias e indicadores</b> .....	19

## 1. Introducción

A [Política de Calidade](#) comprometida polo actual decano o 4 de xullo de 2016, baséase en catro principios fundamentais entre os que está, de forma notable, apostar pola transparencia e difusión empregando como ferramenta principal a páxina web propia na que se publica tanta información afecta ao desenvolvemento dos programas formativos e a xestión das actividades. É por iso, que moita da información requirida na presente Memoria figura xa e é accesible a través da nosa páxina web.

Co fin de non saturar esta Memoria con información que resulte repetitiva, empregaremos referencias con hiperenlaces de forma reiterada.

A **estrutura coa que conta a facultade para o desenvolvemento do SGC** está definida no [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria \(aprobado pola CCPdCC o 15/03/2019\)](#) páxinas 11 a 14, e publicada na páxina web propia, sección de [Calidade](#):

### 1. [Equipo Decanal](#)

#### 2. [Comisión de Calidade do Centro](#) (asume as funcións da Comisión do Título de Grao)

##### 2.1. [Actas das reunións](#)

#### 3. Responsable de Calidade do Centro: Vicedecana de Calidade e Relacións Exteriores ([vetext@usc.es](mailto:vetext@usc.es))

#### 4. [Comité Consultivo Externo](#)

#### 5. [Comisión Académica do Máster](#)

#### 6. Coordinadora do Grao en Veterinaria: Azucena Mora Gutiérrez ([azucena.mora@usc.es](mailto:azucena.mora@usc.es))

#### 7. Coordinadora do Máster en Xenética e Xenómica: Laura Elena Sánchez Piñón ([lauraelena.sanchez@usc.es](mailto:lauraelena.sanchez@usc.es))

O Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade está definido no proceso extratético PE-02 do [Manual de Procesos](#), sendo competencia da CCC a súa elaboración logo do análise do funcionamento global do SGC e dos títulos competencia do centro. Unha vez rematada, será enviada á ACMP para revisión e informe técnico; o documento final, coas rectificacións suxeridas, se as houbera, é finalmente aprobada pola xunta de facultade. A persoa responsable de Calidade, remitirá a Memoria de Calidade á Vicerreitoría con competencias quen dará traslado da mesma á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e posibles recomendacións.

A Facultade de Veterinaria tiña previsto pasar a súa acreditación institucional (certificación da implantación do SGC) en 2019, pero por mor dun desaxuste coa ACMP e o calendario de calidade 2019, finalmente non se fixo e foi posposta para maio 2020. A crise sanitaria motivada pola COVID-19 de novo retrasou este proceso para o mes de outubro 2020. Como consecuencia, as comisións de calidade e académica do máster tiveron que elaborar os respectivos informes de seguimento 2018-19 dos títulos impartidos, polo que a maior parte da información que debера quedar plasmada nesta memoria de Calidade, xa ten sido elaborada, aprobada pola Xunta de Facultade e remitida á ACMP. Referiremos pois a estes informes, todas as reflexións que xa estean feitas para non alongar innecesariamente esta memoria.

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno da Facultade de Veterinaria son unipersoais – Decano/a, Secretario/a e Vicedecanos/as- e colexiado, a Xunta de Facultade, que pode funcionar en

pleno ou encomendar algunhas das súas funcións ás comisións delegadas; estas veñen definidas no [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria \(aprobado pola CCPdCC o 15/03/2019\)](#) puntos 1.3.1 e 1.3.2. Toda a [estrutura de goberno](#) pode ser consultada na páxina web da facultade.

Na actualidade a Facultade de Veterinaria imparte dúas titulacións: o [Grao en Veterinaria](#) e o [Máster Universitario en Xenómica e Xenética](#) interuniversitario xunto coa Universidade de Vigo que comezou a ofertarse neste curso académico 2018-19.

Como documentación de referencia, ademais da normativa Xeral da USC, a facultade conta cun [Regulamento de Réxime Interno](#) reformado en 2016 aprobado polo Consello de Goberno o 7 de xuño de 2016, e cos regulamentos que afectan ás Prácticas Tuteladas ([Estancias Clínicas](#), [Estancias Non Clínicas e na Administración](#), [Rotatorio Clínico Hospitalario](#)) e ao [TFG](#).

En relación co RRI (aprobado pola Xunta de Facultade en decembro de 2015 e ratificado polo Consello de Goberno da USC en xuño de 2016) é necesaria a súa actualización ao disposto no novo SGC adaptado ao modelo aprobado pola USC en 2018. Esencialmente supón a necesidade de reformular algunhas cuestións relativas ás comisións estables para armonizar ambas normativas. Esta actuación queda recollida no Plan de Melloras.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### Política de Calidade.

Trala adaptación do SGC da Facultade –Manual e Manual de Procesos- en febreiro de 2019 ao novo modelo desenvolvido pola USC, a [Política de Calidade](#) quedou incluída no Anexo I e mantense vixente nos seus principios fundamentais. En concordancia coa política de calidade da USC, persigue o desenvolvemento de programas formativos que procuren a máxima eficacia e compromiso coas expectativas dos grupos de interese, e estean avalados por sistemas de acreditación nacional e internacional; é o caso do Grao en Veterinaria que en setembro de 2018 recibiu a visita da comisión de expertos da EAEVE (European Association of Establishments of Veterinary Education) para renovar a súa acreditación europea. O informe da comisión foi en xeral positivo, pero detectou algunhas deficiencias que deberán ser subsanadas para finalmente contar con visto bo e renovar así o estatus de facultade aprobada. Con este obxectivo prioritario, durante o curso 2018-19 o fundamental empeño da facultade ten sido resolver os aspectos calificados como “non conformes” cos estándares marcados pola dita asociación e que rexen para todas as facultades europeas. A visita de comprobación da EAEVE prevista para os días 23 a 25 de marzo de 2020, tivo que ser adiada por razóns ben coñecidas motivadas pola COVID-19.

#### Plan Estratégico.

O plan estratégico da facultade foi deseñado para o periodo 2014-2018. Todo o seu análise de estrutura, evolución e grao de cumprimento quedou reflectido nas correspondentes [Memorias de Calidade dos anos afectados](#).

A elaboración dun novo plan para executar a partir de 2019 non foi considerado posible nin adecuado polos seguintes motivos:

- O obxectivo inmediato da Facultade trala visita de acreditación europea en setembro 2018 era subsanar as “non conformidades” detectadas para poder pasar a revisita o antes posible e coas necesarias garantías de éxito. Crear

una comisión para elaborar un novo plan estratéxico conforme o establece o PE-01 supoñía una diversificación de obxectivos que non podíamos asumir.

- Por outra banda, o Plan Estratéxico vixente da USC (2011-2020) finaliza en 2020. Calquera Plan Estratéxico que se elaborase, tería que estar de acordo co alí recollido e, en consecuencia, non ir máis aló desta data. Estimouse que non tiña sentido facer o esforzo para tan curta duración que, ademais, comprometería moito as posibles accións a desenvolver.
- Unha terceira razón, non menos importante, é que no 2020 toca renovar o equipo decanal; tampouco parecía adecuado facer un deseño de futuro que comprometera ao novo equipo de dirección. Por máis que a aprobación do Plan Estratéxico corresponda á Xunta de Facultade, parece adecuado que sexan as persoas que van xestionar a facultade quen analice o escenario e decida a orientación da súa actividade cara, alomenos, aos 4 anos do seu mandato. E que o faga xa con plena integración co novo Plan Estratéxico da USC.

### **Obxectivos de Calidade.**

Coherentes coa política de Calidade, polo xeral xorden da revisión periódica do SGC. Dado que a Facultade de Veterinaria aprobou a adaptación do seu SGC o 15 de febreiro de 2019, non procede facer a dita revisión no ámbito do curso 2018-19, polo que serán considerados como tales obxectivos os referidos para o curso 2017-18 que fundamentaron o [Plan de Melloras Anual 2018-19](#).

### **Plan de Melloras Anual do Centro**

Ata o presente curso 2018-19, na Facultade de Veterinaria tan só se impartía o Grao en Veterinaria. Por este motivo -e así queda recollido na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) na que todas as accións de mellora son grabadas no sistema "Facultade de Veterinaria"- o plan de melloras só é un; nel establécense diferenzas entre as accións que son de tipo docente ou que netamente afectan e son propostas polas materias, daquelas que se acometen de forma centralizada pola facultade e teñen o seu ámbito de acción nas infraestruturas e os servizos. Por iso, as accións de mellora se ven incardinando co informe de seguemento do título, e na Memoria de Calidade se fai fincapé -como Plan de Melloras do Centro- naquelas que pódense considerar específicas da Facultade.

A partir do curso 2019-20, no que xa haberá informes de seguimento diferenciados para ambos os dous títulos, o tratamento das accións de mellora asociadas aos informes e o Plan de Melloras do Centro cambiará e farase de maneira separada.

Polo tanto, a análise e o estado de cumprimento das [Accións de Mellora 2018-19](#), incluídas por suposto as que poderían considerarse como Plan de Melloras 2018-19 (as FV-AM-1, FV-AM-4 e FV-AM-19), forman parte do [informe anual de seguimento do Grao en Veterinaria 2018-19](#) (páxs. 39 a 69) elaborado e aprobado pola Comisión de Calidade (función que tén delegada por acordo da Xunta do Centro o 28/10/2011) conforme está definido no Manual de Procesos da Facultade: páxina 55 desenvolvemento do proceso PC-05. Tódalas accións de mellora 2018-19 foron completadas en tempo, e informadas e pechadas na AASX.

### **Títulos interuniversitarios**

Para o caso do Máster universitario en Xenómica e Xenética (MXX), impartido polas Universidades de Santiago e Vigo, as referencias aos mecanismos de coordinación derivados da implantación do SGC analízanse no [Informe de seguimento do MXX 2018-19](#), apartado 3.1 páxinas 13 e 14.

### **Vixencia do SGC**

Como xa se tén dito máis arriba, o SGC foi adaptado ao novo modelo deseñado pola USC en febreiro de 2019. Polo tanto a súa vixencia queda garantida, aínda que fará falta un tempo de emprego dos diferentes procesos para ver se funcionan

ou é preciso facer modificacións. Toda a documentación relativa ao antigo SGIC permanece arquivada en soporte electrónico na AASX tal e como o establece o Manual de Procesos no PS-03.2 relativo á xestión documental.

Ademais, polo momento está tamén accesible na web propia da Facultade de Veterinaria baixo o epígrafe “documentación obsoleta” ao final da sección [Calidade/SCG](#).

### **Mecanismos de recollida de información**

Agás a sempre problemática taxa de resposta nas enquisas que se fan de forma centralizada pola ACMP, e fronte a que non somos quen de atopar unha solución que de forma xeral e permanente incremente este valor, máis aló de facer as comunicacións de forma estratéxica xusto ao comezo do período de vixencia e cun recordatorio uns días antes de que remate, e por suposto non contactar cos grupos de resposta en venres nin en días non lectivos.

Para o resto de mecanismos de recollida de información relativa a queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, pensamos que funciona razoablemente ben cos formularios implementados na páxina web e, naturalmente, co servizo que proporciona de xeito centralizado a Oficina de Análises e Reclamacións (OAR).

## **Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Evidencias dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos.**

O proceso estratéxico de revisión e Mellora PE-02 no seu desenvolvemento contempla que “Se como resultado da análise do funcionamento dos títulos se propón levar a cabo unha modificación do título ou mesmo a súa extinción, realizarase de acordo co proceso institucional [PI-01-Deseño, modificación e extinción de programas](#)”.

Trátase dun dos procesos incluídos a nivel Institucional no Mapa de Procesos do Manual do SGC, e polo tanto con actuacións comúns a tódolos títulos da USC conforme aos [programas da ACSUG](#) para a xestión dos mesmos.

As modificacións non substanciais que se fan cada curso, quedan referidas no correspondente epígrafe dos informes de seguimento dos títulos en cuestión.

### **Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.**

Como xa se ten dito e polos motivos expostos na Introducción (páx. 2), a Facultade de Veterinaria aínda non pasou o proceso de acreditación da implantación do SGC, polo tanto para o curso 2018-19 existen informes de seguimento tanto do Grao en Veterinaria como do Máster Universitario en Xenómica e Xenética que analizan os diversos aspectos relativos ao desenvolvemento dos programas formativos. Para cada un dos aspectos mencionados neste epígrafe, cómpre consultar a información recollida nos informes de ambos títulos [Grao](#) e [Máster](#), como se indica:

- cumprimento do incluído nas memorias verificadas: Criterio 1.2
- cumprimento de guías docentes: Criterio 1.2
- procedementos de coordinación: Criterio 1.3
- análise do perfil real de ingreso/egreso: Criterio 1.4
- análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria: Criterio 6.1
- Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3): Criterio 7.2

### **Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.



**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.**

Para cada un dos aspectos mencionados neste epígrafe, cómpre consultar a información recollida nos informes de ambos títulos, [Grao](#) e [Máster](#), como se indica.

- Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación): Criterio 1.5
- Admisión do alumnado (acción de captación): Criterio 1.1
- Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede: NON PROCEDE
- Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional: Criterio 5.1
- Mobilidade: Criterio 1.2
- Adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe: Criterio 5.1
- Avaliación da aprendizaxe: Criterio 1.2
- Prácticas externas: Criterio 1.3
- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación): Criterio 1.3
- Resultados da aprendizaxe nas materias do título: Criterio 6.1
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe: Criterios 3.1, 7.1 e 7.2.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico.**

Pódense atopar no desenvolvemento do Criterio 4.1 para todos os aspectos mencionados agás para o relativo aos indicadores de satisfacción, queixas e suxestións que nos refiren ao recollido nos criterios 3.1 e 7.2.

**Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico de apoio**

Pódense atopar no desenvolvemento do Criterio 4.2 para todos os aspectos mencionados agás para o relativo aos indicadores de satisfacción, queixas e suxestións que nos refiren ao recollido no criterio 3.1.

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Remitímonos ás reflexións recollidas no criterio 5 nos correspondentes informes de seguimento do [Grao](#) e do [Máster](#).

## Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de soporte PS-06 do [Manual de Procesos](#) establece a sistemática para facer pública a información relevante das titulacións impartidas na facultade, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización co fin de manter informados aos grupos de interese. De acordo coa ficha do proceso, a recollida da información faina a ACMP mediante o panel de indicadores que proporciona para cada unha das titulacións impartidas en cada curso académico. A análise e utilización desta información é competencia das comisións de calidade –para o grao- e académica do máster, co fin de elaborar, ata o de agora, os respectivos informes de seguimento nos que se plasman as reflexións que ao respecto cabe facer en relación co desenvolvemento do criterio 2. As páxinas web –xeral da universidade, a [propia da facultade](#) e a [propia do máster](#) que tamén conta coa [web do máster na Universidade de Vigo](#)- son as canles elixidas para a difusión de toda a información pública.

De forma máis variable e dependendo do que chega por diferentes medios, empréganse as pantallas informativas para dar difusión a outro tipo de contidos case sempre relacionados con cuestións colaterais do centro e as titulacións.

Para a información relativa a cuestións académicas, siguen a empregarse os taboleiros físicos. Para a difusión de determinada convocatorias, empréganse as listas de correo electrónico de cada un dos grupos de interese (PDI, PAS, estudiantado).

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 11 de 23

### 3. Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir:			
Responsable do obxectivo:	Data inicio:	Data fin:	
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>			
<b>Procesos clave relacionados</b>			
<b>Indicador/es de medición</b>		<b>Meta a conseguir</b>	
<b>Accións de mellora relacionadas</b>  (Código)			

Como xa se fixo constar na reflexión da Directriz 1 do Epígrafe 2 relativo ao Seguimento do SGC e dos seus resultados, na actualidade a Facultade de Veterinaria xa ten rematado o seu Plan Estratéxico 2014-2018 e, polas razóns alí expostas, aínda non elaborou un novo.

Deste xeito, o Plan de Melloras proposto nesta Memoria de Calidade non está deseñado para a consecución de obxectivos estratéxicos, aínda que moitos dos recollidos no anterior plan son a base e filosofía das accións descritas: continuar coa mellora dos espazos para favorecer o entorno de traballo máis adecuado, velar polo aforro enerxético e a accesibilidade nas instalacións, así como ofrecer actividades formativas ao PDI e PAS.

Formúlanse 20 accións de mellora, moitas das cales xa están rematadas -ou case- á hora de redactar esta memoria, e o resto quedarán executadas a data de 31 de decembro de 2020.

As restriccións que estivemos a sufrir por mor da COVID-19 teñen moito que ver na elaboración deste Plan de Melloras, tanto nalgunha das propostas que facemos como por suposto no tempo da súa execución xa que, non queda máis remedio, queda establecido alén do curso 2019-20 pero dentro dos límites da axenda de calidade 2019-2020, e dicir: entre setembro e decembro do presente ano.

## LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-1	Informe Seguimento Grao/Directriz 4	En relación co punto 4.1. do Informe de seguimento que inclúe á oferta institucional de cursos de formación co obxectivo de mellorar a actividade docente, a facultade organiza en cada curso unha actividade formativa destas características.	ACTIVA	Vicedecana de Ordenación Académica	31/12/2020	
FV-AM-2	Informe Seguimento Grao/Directriz 4	No punto 4.2. do Informe de seguimento se considera a existencia de cursos de formación para o Persoal de Administración e Servizos que garanta a adecuada formación para o seu labor. De acordo coa xerencia, a facultade solicitará a oferta dun curso de formación o máis específico posible, destinado ao PAS que presta o seus servizos no centro.	ACTIVA	Xestora do Centro	31/12/2020	
FV-AM-3	Proposta de Mellora/Directriz 2	En relación coas "Bases para unha docencia presencial segura" na que se recomenda incrementar a avaliación continua, as materias poderán de forma prioritaria propoñer formas alternativas e diferentes para levar a cabo este tipo de avaliación, que deberán quedar plasmadas nas guías docentes. Por suposto, calquera outra mellora docente pode ter cabida nesta proposta aberta.	ACTIVA	Decano	31/12/2020	
FV-AM-4	Proposta de Mellora/Directriz 5	Para cumprir coas novas medidas sanitarias esixidas, as materias poderán propoñer accións encamiñadas a adquisición de materiais de protección individual e/ou desinfección, así como de adaptación dos espazos docentes. Os importes solicitados serán cofinanciados alomenos ao 50% polas propias materias. O resto, será aportado pola partida específica asignada ao centro en concepto de Axudas de Calidade, e sempre nunha cantidade que permita atender todas as solicitudes que respondan aos fins expostos.	ACTIVA	Decano	31/12/2020	
FV-AM-5	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da facultade: substitución das luminarias antigas por leds.	ACTIVA	Decano	30/09/2020	
FV-AM-6	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de acondicionamento e mellora de espazos comúns: Colocación de estores novos en divesos espazos do pavillón central: sala de estudo, aula Aresa-2, sala Galeno, escaleiras de acceso ao andar inferior.	ACTIVA	Vicedecana de P.E. e Infraestructuras	30/09/2020	

FV-AM-7	Proposta de Mellora/Directriz 5	Potenciación da accesibilidade na Facultade: colocación dunha plataforma salvaescaleiras no pavillón central.	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-8	Proposta de Mellora/Directriz 5	Melloras xerais relativas ao reciclaxe e a protección do medio ambiente: instalación de papeleiras fixas nos viales interiores do xardín e cinceiros no exterior dos pavillóns da facultade.	ACTIVA	Responsable de Calidade	31/07/2020	Executada
FV-AM-9	Proposta de Mellora/Directriz 5	Dotación de materiais para espazos docentes e de traballo: renovación das sillas da sala de procedementos clínicos-laboratorio de habilidades clínicas	ACTIVA	Vicedecana de P.E. e Infraestructuras	31/07/2020	Executada
FV-AM-10	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da facultade: renovación da iluminación dos pasillos exteriores entre pavillóns.	ACTIVA	Responsable de Calidade	31/07/2020	Executada
FV-AM-11	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da facultade: instalación de novas luces con sensor de iluminación en todas as escaleiras de emerxencia dos pavillóns	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-12	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de acondicionamento e mellora de espazos comúns: instalación de novos puntos de acceso WIFI nas aulas e dous máis nas dependencias de Obstetricia e Reproducción.	ACTIVA	Responsable de Calidade	31/07/2020	Executada
FV-AM-13	Proposta de Mellora/Directriz 5	Dotación de materiais para espazos docentes e de traballo: renovación de ordenadores en Aulas de informática (10) e Administración (2).	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-14	Proposta de Mellora/Directriz 5	Dotación de materiais para espazos docentes e de traballo: adquisición dunha nova fotocopiadora multifunción para Administración.	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-15	Proposta de Mellora/Directriz 5	Potenciación da accesibilidade na Facultade: instalación de pasamanos nas escaleiras interiores de cada aula para mellorar a seguridade.	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-16	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de acondicionamento e mellora de espazos comúns: instalación de sistemas antipánico nalgúnhas portas de saída do aulario.	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-17	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de acondicionamento e mellora de espazos comúns: Substitución das luces de emerxencia deterioradas das saídas principais de todos os pasillos dos pavillóns.	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-18	Proposta de Mellora/Directriz 5	Continuación co plan de acondicionamento e mellora de espazos comúns: instalación dun sistema de acceso con tarxeta magnética na porta principal do pavillón de clínicas.	ACTIVA	Decano	31/07/2020	Executada
FV-AM-19	Proposta de Mellora/Directriz 5	Dotación de materiais para espazos docentes e de traballo: cofinanciación (6.347,64€) para instalar 9 equipos de Streaming nas aulas e posibilitar a docencia nos diferentes escenarios que se contemplan.	ACTIVA	Decano	31/12/2020	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 14 de 23

FV-AM-20	Proposta de Mellora/Directriz 1	Adaptación do RRI da Facultade ao disposto no novo Manual do SGC naqueles aspectos que deban ser reformulados. Esencialmente supón a necesidade de revisar cuestións relativas ás comisións estables de Xunta e Facultade, co fin de harmonizar ambas normativas.	ACTIVA	Responsable de Calidade	31/12/2020	
----------	---------------------------------	---	--------	-------------------------	------------	--

## Accións do Plan de Melloras proposto en 2017-18.TODAS EXECUTADAS en 2018-19.

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-1	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
		Análise causa	O informe de acreditación do título de Grao en Veterinaria en 2017 recomendou dar máis difusión ao SGIC, para o que se deseñou entón a acción de mellora AM-06: Elaboración de carteis con fichas informativas sobre os aspectos máis relevantes do SGIC e a súa repercusión nos diferentes colectivos, particularmente ao estudantes. O contido de cada ficha será incluído na información dispoñible na páxina web, apartado de Calidade. A adaptación do SGIC ao modelo 2018 realizada aconsella retomar esta acción para levala a cabo ao longo de 2019.	
		Definición/descripción proposta	Difusión do SGC mediante fichas informativas.	
		Data prevista de finalización	31/12/2019	
		Data inicio	26/03/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Responsable de Calidade		
	Persoa responsable	Patricia Fdz. de Trocóniz Revuelta		
Finalización	Estado	Finalizada		
	Data estado	13/12/2019		
	Comprobación	Creáronse unhas infografía básicas para mostrar a necesidade e obxectivos do SGC aos usuarios potenciais, as cales foron enviadas á empresa de deseño gráfico IMPRIMATE para a elaboración de paneis informativos. Esperamos ter o resultado antes de fin de 2019.		
	Data comprobación	05/12/2019		



ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM4	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Definición	Análise causa	<p>Obxectivo: simplificación dos procedementos administrativos, o que supón:</p> <p>Sinatura electrónica da documentación a entregar ó estudiantado.</p> <p>Disponibilidade e facilidade de acceso á documentación, sen ter que cingirse a horarios de oficina nin a un día concreto para acceder a ela.</p> <p>Facer un seguimento do acceso do estudiantado á documentación.</p> <p>Optimización dos custos, cabe destacar a roducción de consumo de papel.</p> <p>Elevada interactividade mediante ferramentas de comunicación: mensaxería interna.</p>
			Definición/descripción proposta	Implantar o uso da ferramenta Campus Virtual como simplificación dos procedementos administrativos
			Data prevista de finalización	31/12/2019
			Data inicio	01/02/2019
Responsables	Responsable da implantación		Xestora de la facultad	
	Persoa responsable		Ana Mª Pérez Vázquez	
Finalización	Definición	Estado	Finalizada	
		Data estado	02/09/2019	
		Comprobación	<p>A utilización do Campus Virtual reportou os beneficios desexados para todos os colectivos afectados:</p> <p>ao estudiantado facilitoulle tanto o acceso à documentación, como a súa entrega debidamente cumprimentada.</p> <p>ao profesorado titor en canto evitoulle desprazamentos innecesarios à unidade de xestión.</p> <p>ao persoal da unidade permitindo optimizar o seu tempo de traballo</p> <p>Ante os bos resultados acadados, acordouse implantar este sistema para xestión das materias G2091526 Estancias Clínicas e G2091527 Estancias Non Clínicas no curso 2019-2020</p>	
	Data comprobación	10/12/2019		

## ACCIÓN DE MELLORA

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-19
		Tipo	Acción de mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición	Análise causa	En relación co punto 4.1. do Informe de seguimento 2017-18 no que se refire á oferta institucional de cursos de formación co obxectivo de mellorar a actividade docente, a Facultade organiza pola súa conta en cada curso unha actividade formativa destas características.  Dada a boa aceptación por parte do profesorado, de novo se ofertará un curso de formación docente.
		Definición/descrición proposta	Oferta dunha actividade formativa para o PDI a través do PFID
		Data prevista de finalización	31/12/2019
		Data inicio	09/05/2019
Responsables	Responsable da implantación	Vicedecana de Organización Académica	
	Persoa responsable	M <sup>a</sup> Izaskun Iburguren Arizeta	
Finalización	Estado	Finalizada	
	Data estado	13/12/2019	
	Comprobación	"As rúbricas como instrumento para a avaliación formativa na educación superior".  El curso se ha celebrado los días 28, 29 y 30 de octubre de 2019, con una duración de 8 horas de las cuales 5 han sido presenciales y 3 de trabajo no presencial.	
	Data comprobación	20/11/02019	

#### 4. Modificacións nos diferentes títulos

Información incluída nos correspondentes informes de seguimento do [Grao](#) e [Máster](#).

<b>MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS</b>		
<b>TÍTULO</b>	<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>

## 5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do centro</a> <a href="#">web propia do MXX</a> <a href="#">web do MXX na Universidade de Vigo</a>
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">Actas da CCC</a> Actas da CAM no anexo E5 do <a href="#">Informe de seguimento do MXX</a>
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Ver anexos dos Informes de seguimento do <a href="#">GV</a> e do <a href="#">MXX</a>
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2018-2019
			INF.16_2018-2019 (información por título)
			INF.CiUG_2018-2019 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2018-2019 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_2018-2019
			INF.03_2018-2019 (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do centro</a>
			<a href="#">web propia do MXX</a> <a href="#">web do MXX na Universidade</a>

			<a href="#">de Vigo</a>
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do centro</a>
1	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do centro</a>
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do centro</a>
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2018-2019 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2018-2019
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_2018-2019 (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2018-2019
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2018-2019 (información agrupada por centro)

4	17	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-17_2018-2019 (información agrupada por centro)
4	18	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_2018-2019 (información por título) INF.14_2018-2019 (información por título)
4	19	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	110	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2018-2019 (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	GV: <a href="#">Web do centro</a> MXX: <a href="#">Informe seguimento</a> pp.10 e 23
5	111	Distribución alumnado por centros de prácticas	GV: <a href="#">Estancias Clínicas 1º semestre</a> <a href="#">Estancias Clínicas 2º semestre</a> <a href="#">Estancias No Clínicas 1º semestre</a> <a href="#">Estancias No Clínicas 2º semestre</a> <a href="#">Estancias Clínicas 2º semestre</a> MXX: Informe seguimento pp.10 e 23
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Ver anexos dos Informes de seguimento do <a href="#">GV</a> e do <a href="#">MXX</a>
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2018-2019 (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3

2, 3	112	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_2018-2019 (información agrupada por centro)
			INF.17_2018-2019 (información por título)
			INF.18_2018-2019 (información por título)
			INF.19_2018-2019 (información por título)
			SIIU_2018-2019 (información por título)
2, 3	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2018-2019 (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_2018-2019 (información por título)
2, 3	114	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2018-2019 (información por título)
2, 3, 4, 5	115	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2018-2019 (información agrupada por centro)